

Horizontes imposibles

*Hai cousas na vida nas que é necesario creer
aínda que non se vexan ou que todo o mundo
diga que non pode ser verdade.*



Un proxecto de curtametraxe documental experimental de:
Xurxo González

Contactos:

Xurxo González Rodríguez

R/ San Caetano, 46, 36780, A Guarda

Tlf: 646 176 028

E-mail: ghrelo@yahoo.es

INDICE:

Introdución

Idea

Sinopse

Argumentación

Colaboradores

Cronograma

Orzamento

Deseño de financiamento

Ficha técnica

Curriculum dos responsábel



Introdución

Horizontes perdidos non é un *remake* do famoso filme de Frank Capra onde un grupo de expedicionarios ingleses pérdense nas montañas do Himalaia e descubren un val no que se atopa o segredo da eterna xuventude. Non, non teñen nada que ver. Un foi feito ao abeiro dos grades estudios do Hollywood clásica na década dos 30 e o que se pretende facer agora é unha proposta audiovisual que alterne distintos códigos documentais, construídos ao longo da Historia do cinema, polos que reflexionar sobre a visibilidade das cousas.

Quizais sexa este o *story-line* do proxecto ou o concepto que quere desenvolver este filme. Vivimos nun mundo onde case todo xa está descuberto, estudiado e cartografiado. O ser humano axudouse da ciencia para desenvolver coñecementos e tecnoloxías que lle permite esculcar a realidade en todos os seus niveis e escalas.

A sociedade alcanzou un progreso ao que pouco a pouco van supeditándose todas as facetas da vida sepultando no esquecementos modelos de vida pretéritos baseados na tradición e na experiencia. *Horizontes perdidos* pretende empregar esa técnica para humanizar os datos incontestábeis.

Horizontes perdidos é un documental no que se pretende que o espectador cuestione a súa realidade. Para que crea que as veces os seus ollos son capaces de ver máis aló da simple vista!



Idea

Desde as orixes da humanidade o home experimentou unha especial atracción cara os confines da terra. Paralelemente aos seu despertar intelectual o home foi sendo cada vez máis incisivo en intentar atinxir o mundo que lle rodea. Dominar elementos da natureza foi o que despertou a súa intelixencia e o seu coñecemento.

O mundo da Historia da Arte sumouse máis tardiamente a esta dinámica intentando conxugar da mellor maneira a percepcións artística e o dominio técnico. Desde a Antigüidade Clásica intentouse conciliar e razonar natureza por medio da relixión e iso foi a causa dramática máis interesante para as narracións da literatura épica, do teatro e a inspiración lírica.

No eido das manifestacións plásticas o xénero da paisaxe foi adquirindo cadavez maior consideración. Foi no Renacemento cando Petrarca subiu ao Mont Ventoux na procura de ter a consciencia do mundo. Despois Leonardo da Vinci teorizou sobre a mellor maneira de pintar a distancia, sobre o poder do ollo e sobre a cor do ar através das veladuras.

No Romanticismo a paisaxe sublime foi a mellor maneira de situar as inquedanzas existenciais do home. Co Impresionismo a técnica artística experimentou coas perspectivas ópticas e pintores como Cezanne teorizaron e insistiron no valor semántico da paisaxe. No século XX continuou a interese sobre a paisaxe con calidade abstracta (Rotckho) ou manipulando o territorio coa experiencias Land Art.

No legado desta preocupación pode instalarse a realización deste proxecto audiovisual. Unha disposición de contidos que manexará distintos ámbitos: a tradición, o personal, o comunitario, o científico e o contemplativo.

Horizontes imposibles está chamado a perfilar semblantes, a concretar horizontes na procura de dar unha chea de respostas e revolver enigmas emerxidos do descreer!

Sinopse

O punto de partida son unhas imaxes perdidas en moi baixa calidade do meu avó. O meu avó decía que desde o Monte Santa Trega víase Finisterre. A veracidade desta información eu comprobeina en persoa nun dos poucos días do ano no que se puede concretar este feito.

Segundo se lle pregunta a xente hai unha elevada confusión sobre este feito onde a maioría da xente de a pé coa que se pode falar negan a posibilidade desta circunstancia. Hai xente que sosten que é posíbel mas a maioría sosteñen de que é algo imposíbel.

Ante esta disparidade de criterios eu pretendo consultar a grandes instancias para que corraoren cintificamente este feito. Nun principio faremos unha entrevista ao Patrón Maior da Cofradía da Guarda quen demostrará que por latitudes e lonxitudes pode ser posible. Tamén escoitaremos a un historiador que nos falará das atribucións que tiña antigamente o Monte Santa Trega intentando orientar a navegación marítima. Despois intervirá un metereologo que disertará sobre as calidades do tempo que permiten ao ollo humano ver cousas na distancia. Finalmente acudiremos a un físico para que explique matematicamente o problema intentando ter en conta a elevación do terreo e a cobertura terrestre.

Mas os ollos do home están descreidos, están abandonados á vagancia e a inoperancia. As imaxes na actualidade son unha curiosa evidencia de verisimilitude. O artificio audiovisual é unha construción que inoculara verdade a xente.

Collendo a luva desta máxima eu pretendo ser empírico e demostrar que no horizonte cara o nor-noroeste do Monte Santa Trega pódese ver Fisterra nos días onde o ceo está limpo de nubes, fumes e calimas.

Voume apostar na cima do Monte Santa Trega ata que un día clarexe coas condicións óptimas para demostrar que si se ve ese “horizonte imposible” que comentaba o meu avó.

Argumentación

[Breve escaletado para entrever o desenvolvemento e a estrutura do proxecto. Son unhas liñas xerais que dependen moito do que se diga nas entrevistas e das improvisacións.]

Fundido en negro

(Escoitanse voces dunha celebración familiar)

1. Imaxes do meu avó na cea de Noiteboa do ano 1997 no que os seus fillos e netos xuntáronse para celebrar con el o seu último Nadal.

(As imaxes teñen moi mala calidade e pásanse en cámara lenta)

NARRADOR

Este era o meu avó. Grazas a el aprendín moitas cousas da vida. Saberes que moitos dos cales foronse esvaecendo ante os novos modos de vida. Moitos deses coñecementos tradicionais fican no esquecemento pola comunidade nas que xurdiron.

Fundido en negro.

NARRADOR

Esta é a historia dun dos desafíos que me fixo o meu avó que tivera o valor de creer que desde a cima do Monte Santa Trega mírase Fisterra.

Créditos

2. Un coche comeza a subir a carretera do Monte Santa Trega.

2a. Visión desde o interior do coche véndose como o coche sube pola estrada sinuosa o Monte Santa Trega.

2b. Visión desde o interior do coche das copas dos árbores que flaquean a estrada do Monte Santa Trega.

2c. O coche toma unha curva de ferradura da estrada.

2d. O coche afronta unha reta en subida botándose sobre a cámara.

2e. O coche, por fin, chega a cima do monte.

Fundido a negro.

3. Subida das escaleiras do último tramo do Monte Santa Trega desde o parking ao carón do Pazo ata a Cima de San Francisco.

(Cámara en man e se ve as oscilacións de cada paso)

NARRADOR

Ao longo da existencia do home subiu aos outeiros e aos montes para ter referencia do lugar que habitaba, de ter consciencia do seu lugar no mundo e de interrogarse sobre o máis alá.

A subida acaba cunha imaxe do ceo.

Fundido encadeado.

4. Desde o ceo a cámara baixa e intenta tomar referencias desde o horizonte. Se toman imaxes desde os rumbos cardinais; este, onde se miran as montañas de Portugal, Sur, onde se mira a foz do Miño, Oeste, onde se mira o inmenso mar e, finalmente o Norte, onde se mira a perspectiva da Costa Negra á beira da Serra da Groba.

(Estas imaxes son imprecisas como se estivesen tomadas por un turista)

NARRADOR

O home é un ser curioso. Desde os cumios dos montes intentou esforzar o seu ollo para divisar o imposible. O mundo da arte teorizou sobre este proceso, sobre o proceso óptico, as perspectivas, a degradación dos perfís e das cores segundo a distancia, sobre a cor do aire, sobre o seu significado e testemuña... Mas a pesar destes logros a paisaxe segue sendo un vehículo para coñecer os límites da visión e para trapasar os umbrais do invisible.

Fundido en negro

5. Plano fixo desde o monte Santa Trega cara a costa galega.

NARRADOR

Este é o plano. Esta é a perspectiva en que nos días claros pódese ver Fisterra. Agora non se ve. Non podo comprobar que o que dicía o meu avó era certo.

Fundido en negro

6. Imaxe dun grupo de turistas no Monte Santa Trega.

NARRADOR

Sabe que nos días claros vese Fisterra desde o Monte Santa Trega?

6a. Imaxe de turistas no Monte Santa Trega contestando a mesma pregunta.

7. Pregúntase a uns nenos a saída do instituto!

8. Pregúntase a unhas señoras na praza ou no mercado.

10. Pregúntase aos señores do vento.

11. Pregúntase a adolescentes na pista de baloncesto.

12. Pregúntase a varios mariñeiros.

Fundido en negro.

NARRADOR

As informacións seguen sendo moi contraditorias. O único que está claro é que o legado da xente vella non pasou aos máis novos. Creo necesario un segundo paso. Recorrer á ciencia para perfilar a investigación.

Fundido en negro.

13. Cofradía de Pescadores de Santa Trega da Guarda. Demostración por parte do Patrón Maior de que por rumbos e nunha carta nautica si se pode ver Finisterre desde o Monte Santa Trega.

14. Cima do Monte Santa Trega. Desde a coroa do castro. Juan Martinez “Tamuxe” fala sobre as funcións que desempeña na antigüidade o Monte Santa Trega para orientar a navegación de barcos.

15. Entrevista cun metereologo en Meteogalicia. Un experto fala das condicións axeitadas para ver cousas a moi longa distancia.

16. Un xeografo, na Facultade de Xeografía e Historia, falará sobre as características da costa galega.

17. Un físico da Facultade de Óptica demostrará nun encerado que si se pode ver Fisterra desde o Monte Santa Trega contemplando as alturas dos puntos referenciais e da curvatura da terra.

Fundido en negro.

NARRADOR

Estes aportes son contundentes mas vivimos tempos onde domina o excepticismo. É necesario demostrar impiricamente esta dúbida.

(Apartires de agora recolleranse os comentarios directos)

18. Plano do horizonte.

(Coa lenda: DÍA 1)

NARRADOR

Comezamos a grabar o horizonte. Cada día imos a gravar o mesmo plano na procura do horizonte imposible. Segundo informantes este horizonte se ve de 5 a 10 días ao ano. Imos ver se temos sorte!

19. Plano horizonte: DÍA 2

...

(o ideal sería grabar días con diferentes climas e grabar polo menos de 20-30 días e cerca dun mínimo de 5 segundos)

19+x. Plano horizonte: DÍA N

NARRADOR

Aí está, Aí está! Xa o teño! Todo o mundo pode velo! Por fin! Valeu a pena! Avó, aí está! Tiñas razón!

Fundido en negro.

19+x+1. Imaxes do meu avó sorrindo en cámara lenta.

Fundido en negro.

Titulos de crédito finais.

19+x+1+1. Desde o faro de Finisterre

NARRADOR

Sabe que desde Finisterre vese o Monte Santa Trega?

Fundido en negro

Fin



Cronograma

Este calendario é provisional:

	2009					2010						
	<i>Agos</i>	<i>Set</i>	<i>Out</i>	<i>Nov</i>	<i>Dec</i>	<i>Xan</i>	<i>Feb</i>	<i>Mar</i>	<i>Abr</i>	<i>Mai</i>	<i>Xuñ</i>	<i>Xul</i>
Preparativos	x	x										
Dossier												
Grabacións informantes		x	x									
Grabacións horizontes												
Grabacións informantes			x	x	x							
Edición material				x	x	x						
Petición de axudas				x	x	x	x	x	x	x		
Probas finais									x	x	x	
Pre-estrea												x



Orzamento

Orzamento orientativo e provisional xa que pode variar se se obteñen outras fontes de financiamento:

1. Guión e música: 700 €
2. Personal artístico: 0 €
3. Equipo técnico: 3500 €
4. Escenografía: 0 €
5. Producción: 1500 €
6. Rodaxe, transportes: 600 €
7. Hoteles, comidas e viaxes: 600 €
8. Película: 100 €
9. Laboratorios (de son): 2000 €
10. Seguros:
11. Gastos xerais (copias): 600 €
12. Gastos de explotación: 600 €

Total: 9.000 €


Deseño de financiamento

Deseño de financiamento provisional que pode sufrir modificacións segundo vaian colaborando distintas entidades, organismos ou patrocinios privados.

10.000 €: Axuda da Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia

1.000 €: Recursos propios

1.000 €: Concello da Guarda





Ficha técnica

Título: *Horizontes imposibles*

Formato de grabación: MiniDv,

Formato de encadre: 16:9

Duración: 22'aprox.

Fotografía: Cor

Director: Xurxo González

Produtor: Xurxo González

Operador de Cámara:

Son:

Curriculum do responsábel

Xurxo González Rodríguez (A Guarda, 1973)

Lincenciado en Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, Doutorado en Historia da Arte pola UNED, realizou comunicación en congresos como o *Congrés de Cinema Europeu de Barcelona* en no *Foro de Comunicación e Cidadanía en Santiago e Compostela*, crítico de audiovisuais na revista *Tempos Novos*, colaborou con artigos en revistas como *Cahiers du Cinéma-España*, *Madrigal*, *Quintana*, *Pontenova* e *Ag* escribiu artigos nos xornais *Faro de Vigo* e *n'A Peneira*, asesor e analista audiovisual, documentalista e catalogador en arquivos audiovisuais de RTVE-G, coordinador do libro *Manoel de Oliveira* para o Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) e do libro *Documentación da videocreación en Galicia nos anos 80* do Centro Galego da Arte Contemporánea (CGAC), investigador para o Consello da Cultura Galega e para a USC, Profesor no Máster de Conservación do Patrimonio (USC), traballou para o *Instituto Cesing*, creador de contidos da *Axencia Audiovisual Galega* (AAG), coordinador das plataformas na rede do *Teutubo* e de *Flocos.tv*, programador galego do *Filminho: Festa do Audiovisual Galego e Portugués* e é guionista e realizador amadorista (*Argazo*, 2005, *Os señores do vento*, 2008, *36/75* e *13 pozas*, 2009).





Horizontes imposibles